



PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO PARA A SOLICITUDE E TRAMITACIÓN DAS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2024 AO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

Serán incorporables as cantidades non executadas durante o exercicio 2024 correspondentes aos créditos con financiamento afectado.

Así mesmo, serán incorporables os créditos recollidos no artigo 6.5 das Normas de execución do orzamento do ano 2025.

O procedemento para a solicitude e tramitación das incorporacións rexerese polas normas seguintes:

1. Solicitude

A solicitude dirixirase ao Servizo de Control Interno a través de correo electrónico (servizo.controlinterno@udc.gal) indicando no asunto de forma expresa «solicitude de incorporación».

Ao correo achegarase o formulario previsto no anexo a esta instrución e toda a documentación que acredite o carácter finalista dos fondos para os que se solicita a incorporación.

2. Prazo

As solicitudes pódense presentar ata o 21 de febreiro de 2025. Fóra destas datas serán analizadas pola Comisión de Incorporacións.

3. Tramitación

Correspóndelle ao Servizo de Control Interno comprobar a procedencia da incorporación dos fondos solicitados.

Código Seguro De Verificación	TtbIse7mhzL3vrt7zEEDSg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	24/01/2025 14:59:30
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/TtbIse7mhzL3vrt7zEEDSg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Correspóndelle á sección de Orzamentos do Servizo de Xestión Financeira comprobar que o importe incluído na solicitude se corresponde con fondos non executados en 2024.

O Servizo de Control Interno, unha vez que estea acreditado que se trata de fondos incorporables e unha vez emitido o informe favorable, trasladaralle a solicitude á Sección de Orzamentos.

Unha vez comprobada a procedencia das cantidades solicitadas, a Sección de Orzamentos procederá a contabilizar en UXXIEC o documento de incorporación.

4. Comisión de Incorporacións

Correspóndelle á Comisión de Incorporacións resolver as discrepancias que existan entre as unidades tramitadoras solicitantes e o informe do Servizo de Control Interno.

Así mesmo, correspóndelle á Comisión de Incorporacións determinar a procedencia das incorporacións solicitadas fóra de prazo.

A Comisión de Incorporacións estará integrada por:

- O vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica, ou persoa en quen delegue
- A xerenta, ou persoa en quen delegue
- O vicerreitor de Investigación e Transferencia, ou persoa en quen delegue

O xefe do Servizo de Control Interno, ou persoa en quen delegue, asistirá ás reunións da Comisión con voz pero sen voto.

Asinado dixitalmente.

Código Seguro De Verificación	TtbIse7mhzL3vrt7zEEDSg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	24/01/2025 14:59:30
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/TtbIse7mhzL3vrt7zEEDSg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO: INCORPORACIÓN DE CRÉDITO DO ANO 2024 AO ANO 2025

TIPO DE GASTO:

1. FINANCIACIÓN AFECTADA:

FINANCIAMENTO AFECTADO PENDENTE DE EXECUCIÓN

PROXECTO REMATADO. INCORPORAR PARA DEVOLVER REMANENTE

Proxecto MUS 2024	Partida orzamentaria MUS (2024)	Partida orzamentaria UXXI (2025)	Denominación da partida	Importe

SERVIZO DE CONTROL INTERNO

2. OUTROS SUPOSTOS DE INCORPORACIÓN segundo o artigo 6.5. das Normas de Execución do Orzamento 2025 (especificar):

Proxecto MUS 2024	Partida orzamentaria MUS (2024)	Partida orzamentaria UXXI (2025)	Denominación da partida	Importe

Asinado polo Responsable do gasto

SERVIZO DE CONTROL INTERNO